

Protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 nas aulas matinais, e comedores escolares xestionados polas ANPAS dos centros de ensino públicos asociados a FOANPAS para o curso 2020-2021

Obxecto:

O presente protocolo ten por obxecto crear servizos de aula matinal ou madruga saudables e seguros establecendo medidas de prevención que deben adoptarse por parte do persoal dos servizos e polos usuarios, coa finalidade de previr o risco de contaxio por COVID 19.

O documento aplicarase ós servizos de madruga ou aula matinal con ou sen almorzo e os comedores escolares xestionados polas ANPAS asociadas a FOANPAS nos centros públicos durante o curso 2020-2021.

Este protocolo integrarase como anexo no “Plan de adaptación a situación COVID 19 no curso 2020-2021”, e deberá ser aprobado previamente polo equipo COVID do centro escolar.

Preámbulo:

Os aspectos de prevención da COVID19 e a prevención da súa transmisión baséanse en tres formas de protección indispensable:

1. Distanciamiento interpersonal de seguridade de 1,5 metros en todo momento (exceptuando na comida os grupos de convivencia)
2. Uso da máscara en todos os momentos (monitoraxe, responsables e crianzas) do uso destes servizos, agás nos momentos de inxerir ou beber no almorzo ou o xantar. Nas crianzas de menos de 6 anos poderá ser optativa sempre que só se relacione cos membros do seu grupo de convivencia ou burbulla. Esta obriga non será esixible para as persoas que presenten algún tipo de enfermidade que imposibilite o uso da máscara, que deberá ser acreditada polo facultativo correspondente.
3. A ventilación dos locais será un elemento esencial nos lugares onde se desenrole tanto as aulas matinais como os comedores escolares. Será de obrigado cumprimento a ventilación previa dos locais durante alo menos 10 minutos e se fora posible sempre (dependerá das condicións

metereolóxicas) estar aberta algunha xanela e/ou portas dos comedores ou aulas onde se desenvolvan.

Normas xerais para as aulas matinais e os comedores escolares

- As entradas e saídas das crianzas das aulas matinais e dos comedores escolares deberían ser independentes a ser posible ou senón intercalaránse no tempo para non coincidir. Haberá sinalización gráfica das mesmas no chan (que aportará o centro educativo).
- Na(s) entrada do comedor escolar e da aula matinal deberá estar ben disposto o(s) dispensador(es) de Xel hidroalcohólico (que aportará o centro educativo) para que as crianzas se desinfecten as mans. O persoal e usuarios, lavarán as mans antes do inicio do servizo ou a quenda e ó finalizar o mesmo con auga e xabón durante polo menos 40 segundos, ou con xel hidroalcohólico, durante polo menos 20 segundos. Así mesmo, os centros asegurarán a existencia de xabón e panos desbotables de papel (que aportará o centro educativo) para o secado das mans. O lavado de mans farase tamén sempre despois de ir o aseo (cada centro escolar deberá comunicar cales son os aseos para o uso das crianzas/usuarios de aulas matinais e de comedor escolar).
- Desinfección das aulas matinais, o chegar pola mañán a aula matinal deberá estar desinfectada para poder utilizala. O término da aula matinal debería ser desinfectada para o seu uso posterior. De igual xeito, para os comedores escolares, deberán ser desinfectados previamente a súa utilización tódolos días así como entre quenda e quenda, farase a desinfección de mesas, cadeiras e mamparas (se estiveran presentes) antes da entrada do seguinte quenda de comida (a cargo do servizo de limpeza do Centro escolar). O finalizar o servizo a desinfección xeral dos comedores correrá a cargo do servizo de limpeza do Centro escolar.
- O término do xantar nos comedores escolares os grupos de convivencia non se xuntarán con membros de outros grupos de convivencia, para elo se as condicións metereolóxicas o permiten o mellor sería desenrolar xogos no exterior (exceptuando os xogos de contacto) ou aqueles grupos estables de convivencia poderían quedar facendo xogos no patio cuberto (se houbera) ou nas aulas permitidas polo equipo directivo e o equipo COVID19 do centro escolar.

Normas específicas para as aulas matinais e comedores escolares

1. Medidas de coordinación cos equipos directivos centros educativos

As direccións dos centros educativos verificarán a composición dos grupos de convivencia estable ou grupos burbulla organizados no comedor e nas aula madrugga. Darán un listado dos mesmos a/o responsable de comedor da ANPA.

En caso de que un alumno desenvolva síntomas compatibles coa COVID19 e sexa apartado da xornada lectiva ou sexa positivo COVID19, a persoa responsable de comedor da rede de FOANPAS estará en contacto directo co equipo COVID19 do centro escolar, e transmitiralle a información necesaria para desenvolver este protocolo antiCOVID19 con axilidade e eficacia e viceversa. (A tal efecto trasladaralle información do lugar que ocupa cada alumno/a no comedor a principio de curso así como as modificacións que se estimen)

1.1 Distribución dos usuarios nos servizos de comedor e aulas matinais ou madrugga:

Os usuarios distribuiranse polos grupos estables de convivencia que teñen nos centros. Comerán agrupados sen respectar a distancia de seguridade, separando os grupos de convivencia 1,5 metros. Outra posibilidade se non pertencen ao mesmo grupo de convivencia é comer con os postos en diagonal cubertos (ou sexa un si un non). Estas distancias poderanse reducir cando se dispoñan de barreiras de separación (mamparas, de alo menos 60 cm de altura para por enriba das mesas) proporcionadas polos centros educativos, de dimensións suficientes para impedir a transmisión de microgotas que poidan conter o virus. Se foran mamparas de separación entre grupos de convivencia para por entre mesas diferentes a súa altura debería ser de a lo menos 130 cm de altura con pes para asegurar estabilidade.

Poderase asi mesmo utilizar aulas con ventilación previa, próximas ó comedor escolar se fora necesario, desinfectadas previamente e seguindo as mesmas normas que o anteriormente citado (separación de 1,5 metros para usuarios que non pertezcan o grupo de convivencia e sen separación para aqueles que pertencen o mesmo grupo de convivencia). Esta opción sería o último recurso en utilizarse porque fai mais complexo a disposición da monitoraxe e a súa dispoñibilidade.

DOCUMENTO VALIDADO

Asignaranse postos fixos tódolos días. Levarase un rexistro diario do lugar que ocupan co obxectivo de facilitar a localización dos contactos en caso de abrochos

Os postos son fixos para todo o curso salvo que se decida facer modificacións (usuarios esporádicos) que deben ser comunicadas ao equipo COVID

No caso de centros onde a separación de 1,5 metros entre usuarios aumente a capacidade de alumnos que poden acudir ao servizo, aplicarase este criterio de distribución.

Intentarase facer un máximo de dúas quendas por servizo se fora posible, independentemente de que o número de solicitantes do servizo sexa maior das prazas dispoñibles.

1.2 Toma de temperatura dos usuarios e persoal dos servizos de comedor e madrugá:

O persoal tomarase a temperatura corporal antes do inicio do servizo levando un rexistro diario.

Tomarase a temperatura as crianzas na entrada ao servizo de madrugá e de comedor ou no seu posto asignado de comida para evitar aglomeracións na entrada, non se deixará rexistro por escrito. (VER NOTA FINAL DA AEPD)

No caso de detección de síntomas compatibles coa COVID 19 nun usuario durante o servizo de comedor ou aula matinal, contactarase coa súa familia que deberá presentarse no servizo o antes posible. Nese momento notificarase ao centro a posible incidencia para que sexa manexada dende o protocolo COVID19 específico do centro. (Responsable da ANPA)

Illarase ó menor no espazo de illamento (sempre con máscara) que teña destinado para este fin cada centro, mentres non se xestiona o seu traslado. (Responsable da empresa de catering)

Cada centro educativo (equipa COVID19) informará a súa ANPA onde se atopa este espazo e as condicións de uso do mesmo.

En caso de que un membro do persoal da empresa presente síntomas compatibles coa COVID19 será apartado do servizo inmediatamente, e procederase segundo o protocolo COVID específico da empresa subministradora do servizo.

2. **Limpeza dos espazos e material utilizado:**

Realizarase unha limpeza-desinfección dos espazos utilizados entre cada unha das quendas e ao finalizar o servizo.

O enxoval utilizado lavarase mediante sistema mecánico despois de cada uso. Os panos de mesa e os manteis serán dun só uso.

O material utilizado para a realización do proxecto educativo será de uso individual e será limpadado despois do seu uso.

Os espazos destinados á custodia dos usuarios será limpadado entre quendas e ó final do servizo, só se utilizará nos centros onde teñan dúas quendas de comedor, e sempre que non sexa posible estar ó aire libre.

a) Nos protocolos de hixiene e limpeza seguirase o previsto con carácter xeral para os establecementos de hostalaría e restauración.

https://www.turismo.gal/galiciadestinoseguro/informacion?langId=es_E

S

3. **Persoal (monitoraxe e responsable da empresa no centro)**

A ratio de persoal será de 1 monitor cada 15 usuarios para infantil e primaria (ratio de FOANPAS)

O persoal fará as funcións de monitores.

O persoal realizará a auto enquisa diaria de síntomas para comprobar, no caso de que haxa síntomas, que estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 mediante a realización da enquisa clínico epidemiolóxica que se describe no Anexo I das instrucións para a adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino para o curso 2020-2021, que debe realizarse antes da chegada ao centro de traballo.

Ante a aparición de sintomatoloxía compatible coa COVID19 non acudirán ao posto de traballo e darán coñecemento a súa empresa, a persoa da ANPA responsable do comedor, a FOANPAS e ao centro escolar no que traballa.

Os centros educativos proporcionarán o contacto dun responsable do equipo COVID (será o profesor-responsable do equipo COVID19 a persoa de contacto co centro de saúde).

4. Entrada e saída dos usuarios no Plan madruga ou aulas matinais:

No servizo de madruga serán os pais ou titores os que fagan entrega dos menores. Os adultos e os usuarios terán que levar a máscara de protección en todo momento, a excepción dos alumnos de infantil onde só será recomendable.

A entrada ás clases dos usuarios do servizo de madruga será do seguinte xeito e de acordo coa dirección do centro:

- Entrega nunha única quenda dos alumnos ao centro por parte dun monitor dos servizo de madruga.
- Recollida polo profesorado dos alumnos no espazo adicado a plan madruga.

Durante os desprazamentos tanto para entrada como para a saída do servizo os usuarios utilizarán a máscara de protección no caso dos maiores de 6 anos, e todos manterán a distancia de seguridade.

5. Entrada e saída dos usuarios do comedor:

A entrada ao servizo de comedor poderá realizarse ata media hora antes (se fora necesario) do horario de cursos anteriores. Dende as 13:30 para centros que remataban ás 14:00. Con preferencia absoluta serán os alumnos de Infantil ós que utilicen esta quenda se fora necesario realizala por saturación do comedor.

O persoal de comedor irán a recoller só os alumnos de infantil como se viña facendo con anterioridade.

b) Recolleranse os distintos grupos de convivencia estable na porta da aula e serán acompañados ao comedor, utilizando máscara polos corredores e mantendo o distanciamento entre os grupos.

Cada un dos centros enviará a FOANPAS previo o inicio do servizo o seu horario

individualizado de entradas e saídas por curso, así como o espazo adicado a custodia (mellor un espazo ventilado como patio cuberto ou aula ventilada) no caso que sexan necesarias dúas quendas. Aquelas crianzas que quedan a espera de entrar no comedor deberán usar a máscara obrigatoriamente e os monitores/as deberán intentar que cumpran o distanciamento social de 1.5 metros.

Durante os desprazamentos tanto para entrada como para a saída do servizo, os usuarios utilizarán a máscara de protección no caso dos maiores de 6 anos, e todos manterán a distancia de seguridade.

A saída dos usuarios do servizo de comedor farase por quendas, facendo entrega dos menores aos pais ou titores autorizados. Cada ANPA e cada equipa COVID19 do centro escolar deberá coordinar cos pais/nais ou titores as quendas de saída das crianzas así como o lugar/porta de recollida dos mesmos. Os pais/nais ou titores non poden entrar no centro escolar sen máscara.

Aquelas crianzas que vaian a ter actividades extraescolares deberán esperar no punto de recollida acordado pola monitoraxe de empresa de catering e os monitores da empresa que vai realizar a actividade extraescolar.

6. Responsabilidades seguridade alimentaria sobre o servizo de comedor:

FOANPAS é a entidade organizadora (responsable) coa participación imprescindible de cada unha das ANPAS dos centros de ensino de Infantil ou Primaria onde se xestiona o servizo de comedor e cofinancia as aulas matinais, prestando os servizo de comedor mediante a contratación cunha empresa privada mediante concurso público.

Poderase enviar o mesmo para a súa firma unha vez finalizado o proceso e ser validado polo equipo COVID19 do centro educativo.

"As medidas incorporadas a este protocolo adecúanse a normativa vixente, no momento en que se aproba, ditada pola autoridade sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia.

A obriga da entidade organizadora do servizo de comedor é garantir a adecuación das súas medidas organizativas ao establecido neste protocolo e que se cumpran as pautas sanitarias establecidas neste documento e na demais normativa vixente relacionada co COVID-19. Garantidos ambos os dous aspectos, aquela entidade será eximida de calquera responsabilidade sanitaria, agás que sexa ela a que incumpra as citadas medidas ou normas".

PROTOCOLO AVALIADO POLO COMITÉ CLÍNICO DA CONSELLERÍA DE SANIDADE

3. **Condideracións sobre a toma de temperatura:**

Independientemente do que poida determinar FOANPAS sobre o seu persoal, a toma de temperatura conta con informes en contra da AEPD (<https://www.aepd.es/es/prensa-y-comunicacion/notas-de-prensa/comunicado-aepd-temperatura-establecimientos>) salvo que se cumpran condicións moi estritas. En principio atópase desaconsellado, mesmo se non se fai rexistro ou conserva o dato dado que non pode considerarse vinculado o dereito de admisión a un servizo ao consentimento libre. O informe que se xunta é de sumo interese pero destacamos os parágrafos seguintes.

La utilización del interés legítimo de los responsables del tratamiento como base legitimadora quedaría en todo caso excluida, por un doble motivo. Por una parte, porque ninguna disposición del artículo 9.2 del RGPD permite levantar la prohibición de tratamiento de datos sensibles por razones de interés legítimo (salvo que en determinadas materias así lo contemple el derecho de la Unión o de los Estados Miembro). Por otra, porque el impacto de este tipo de tratamientos sobre los derechos, libertades e intereses de los afectados haría que ese interés legítimo no resultara prevalente con carácter general.

En ese sentido, debieran considerarse, entre otras, medidas relativas a la información a los trabajadores, clientes o usuarios sobre estos tratamientos (en particular si se va a producir una grabación y conservación de la información), u otras para permitir que las personas en que se detecte una temperatura superior a la normal puedan reaccionar ante la decisión de impedirles el acceso a un recinto determinado (por ejemplo, justificando que su temperatura elevada obedece a otras razones). Para ello, el personal deberá estar cualificado para poder valorar esas razones adicionales o debe establecerse un procedimiento para que la reclamación pueda dirigirse a una persona que pueda atenderla y, en su caso, permitir el acceso.

En calquera caso sería necesario o preceptivo informe de avaliación de impacto que debería facer FOANPA e a responsabilidade proactiva na xestión do proceso.

PROTOCOLO AVALIADO POLO COMITÉ CLÍNICO DA CONSELLERÍA DE SANIDADE

DATA: 24 Setembro de 2020